



DECRETO

Logo de ver os escritos presentados polo señor Deputado D. José Tomé Roca en datas 12 e 23 de decembro de 2025, polos que comunica a súa baixa provisional no Grupo Provincial Socialista, pasando a ter a consideración de membro non adscrito, de acordo co disposto no art. 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

Visto así mesmo o escrito da Voceira do Grupo Provincial Socialista de data 23 de decembro de 2025, polo que se comunica a admisión da solicitude de baixa provisional do señor Deputado D. José Tomé Roca, polo cal deixa de pertencer provisionalmente para tódolos efectos ó Grupo Provincial Socialista.

Tendo en conta o informe emitido polo señor Secretario Xeral, e en uso das atribucións que me confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

1º.- Considerar, con base na toma de coñecemento polo Pleno do escrito presentado polo señor Deputado desta Corporación Provincial, D. José Tomé Roca, como deputado non adscrito.

2º.- Adscribir ao señor Deputado D. José Tomé Roca ás Comisións Informativas, así como á Comisión Especial de Contas.

3º.- Recoñecerlle ó señor Deputado D. José Tomé Roca os dereitos económicos que lle corresponden, debendo percibir polo tanto o compoñente variable sinalado para os Grupos Políticos.

Do presente Decreto darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre; e publicarse no Boletín Oficial da Provincia.

A PRESIDENTA,

O SECRETARIO,

	IV7QEHXKEE6DL3HOAIFGARPHOM	Fecha y Hora	16/01/2026 15:04:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO (PRESIDENTA)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QEHXKEE6DL3HOAIFGARPHOM	Página	1/1	